

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE FEBREIRO DE 2007

### 2.- Solicitudes de licenzas de obras.

#### FAVORABLES.-

**1683/06.- Empresa de Transformación agraria S.A. (TRAGSA).**- Obras de ampliación de nave e apertura (Lap/343/2006) de oficinas de dita empresa, na Vía Pasteur núm.31.-

**1583/06.- Javier Taboada Sueiro.**- Viv.unif. na Rúa Senande núm.2, Aríns.-

**2314/06.- Promotora Agropecuaria e Industrial, S.A.**- Derruba edificación na R/ Sta Marta de Arriba núm.59.-

**2359/06.- Plavimundo, S.L.**-Legaliz. modificacións executadas na edificación sita na Avda. Gonzalo Torrente Ballester núm.1, 3 3 5 do Bloque 3 do Polígono 6-7 de Fontiñas.-

#### TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

**1648/06.- Mercagalicia, S.A.**- Construción dun muro de contención na Vía de la Cierva s/n.- (+).-

#### SEGREGACIÓN.-

**33/07.- Cumega, S.A.**- Parcela 179 de concentración de San Martiño de Aríns (+).-

#### PRÓRROGA.-

**2400/06.- Juan Antonio Cebey Cereijo.**- Viv.unif. na Travesía de Vista Alegre núm.47 (+).-

#### DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

**121/07.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.**- .....Expte...1068/03.....27.608,00 €.-

**122/07.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.**- .....Expte...1309/02.....14.958,63 €

#### SOLICITUDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.-

**3041/04.- Teresa Balboa Rodríguez.**- Dúas vivendas encostadas en Mallou de Abaixo.-

#### APERTURAS.-

**Lap/281/05.- Rosa Mª Vázquez García.**- Farmacia na Avda. Rosalía de Castro núm.23, baixo.-

**Lap/189/04.- Asociación Social e Cultural Porta do Camiño.**- Cambio de titularidade a favor da Fundación Galega de Iniciativas Culturais e Sociais Montecelo, na R/ Hospitaliño núm.13.-

**Lap/234/06.- José Manuel Rey Barca.**- Café-bar na R/ Ricardo Bescansa, núm. 3-baixo.-

### 1.- Dar conta do decreto da alcaldía polo que se nomea tenentes de alcalde e un membro da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta dos devanditos nomeamentos.

### 2.- Proposta da alcaldía relativa á delegación de competencias en concelleiros.

Apróbanse as delegacións.

### 6.- Propostas do concelleiro delegado de Infraestruturas relativas á adopción de acordos sobre as obras de saneamento e depuración de augas residuais na SIONLLA, ENFESTA, NEMENZO, e LAVACOLLA (S. PAIO), e de abastecemento de auga potable en Miramontes; incluídas respectivamente nos planos de saneamento hidrolóxico de Galicia.

Apróbanse os devanditos proxectos e a remisión a Augas de Galicia da documentación necesaria para a tramitación dos expedientes.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á actualización das normas de uso dos locais Municipais de Música para a Mocidade de Compostela e aprobación do orzamento para desenvolver os labores de xestión e mantemento.**

Apróbase a actualización das normas de uso dos devanditos locais, e o orzamento para o desenvolvemento dos labores de xestión e mantemento, que ascende á cantidade de 17.965 euros.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e inicio de actividade do programa "Compostela Activa 2007".**

Apróbase o programa de actividades "Compostela Activa 2007".

**9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación da campaña de comunicación sobre o uso adecuado do contedor amarelo xunto coas bases do sorteo de premios asociado á campaña.**

Apróbase a devandita campaña de comunicación.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos gastos de mantemento das instalacións deportivas e dos trofeos e agasallos deportivos ano 2007.**

Aprobase a proposta de gastos, dos que 18.000 euros serán para gastos de mantemento e 12.000 para trofeos e agasallos deportivos..

**11.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa a aprobación do programa de Educación Viaria e na Autoprotección en centros escolares.**

Apróbase o devandito programa, que conta cun orzamento de 19.300 euros.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Transporte relativa á desestimación da solicitude dunha empresa para a incorporación a súa liña dun vehículo articulado.**

Apróbase comunicar á empresa HEDEGASA que o Concello de Santiago de Compostela non autoriza a incorporación de vehículos de 18 metros nas expedicións da Rúa da Rosa e ningunha outra con penetracións no centro da cidade.

**14.- Adxudicación do subministro de 100 pratos de prata cincelados á man para a súa entrega como regalo nos Casamentos.**

Adxudícase o subministro, por un importe de 6.728 euros.

**15.- Adxudicación do servizo de mantemento, reparación e conservación das instalacións de calefacción dependentes do Concello de Santiago.**

Adxudícase o servizo a JOSÉ MARÍA GARCÍA QUINTELA, por un prazo de 7 meses a contar desde a adxudicación e un importe total de 10.791,69 euros.

**16.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de saneamento de augas fecais en A GRANXA.**

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 60.059,31 euros, así como o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a súa contratación.

**17.- Adxudicación do servizo de mantemento de AUPAC (xestión de expedientes) durante o exercicio 2007.**

Apróbase a contratación para o ano 2007 do servizo de mantemento de AUPAC e a súa adxudicación a GADD, subministradora e creadora do software, por un importe de 9.998,14 euros.

**18.- Adxudicación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN.**

Apróbase a contratación do devandito servizo para o ano 2007 e a súa adxudicación á empresa AYTOS, subministradora e creadora do software, por un importe de 8.222,74 euros.

**19.- Adxudicación do servizo de mantemento de aplicacións informáticas de Xestión Tributaria e Recadatoria, Padrón de Habitantes e Convocatorias Electorais.**

Apróbase a contratación do devandito servizo para o ano 2007 e a súa adxudicación á empresa T-SYSTEMS, subministradora e creadora do software, por un importe de 27.486,80 euros.

**20.- Adxudicación das obras de acondicionamento das áreas de xogo infantís nos CEIP VITE I, ROXOS-VILLESTRO e RODRIGUEZ XIXIREI.**

Adxudícanse as obras de referencia á empresa CESPAS, SA, por un importe de 26.731,49 euros.

**21.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación para a instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending nos recintos deportivos do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un canon anual mínimo por máquina instalada de 200 euros.

**22.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica relativas ao apoio a dous proxectos empresariais.**

Acórdase apoiar o proxecto de María Jesús Garaboa Mira e María Isabel Garaboa Mira como iniciativa local de emprego.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto técnico de expropiación do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña.**

Resólvense as alegacións e apróbase o documento do proxecto de expropiación presentado por EMUVISSA.

**24.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao mutuo acordo da parcela 76 do proxecto técnico de expropiación e obtención dos terreos para a construción da nova variante entre a Avda. de Lugo (N-550) e Ponte Pedriña (N-525).**

Acórdase cambiar a titularidade da parcela número 76 a favor de dona María Dominga Cepeda Vidal e aprobar o mutuo acordo na adquisición dos bens afectados nesta parcela polo expediente de expropiación de referencia por importe de 296,60 euros.

**25.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude do pago do prezo xusto presentada por unha copropietaria de 1/8 da parcela 9 do proxecto de ampliación da expropiación para a execución dos accesos ao Parque deportivo do Sar (tramo: Av. Madrid).**

Apróbase o pagamento a Ascensión Ferreiro Vieites, por importe de 1.036 euros, e desestimar a solicitude de Antonio Ferreiro Vieites, así como a remisión do expediente ao Xurado Provincial de Expropiación.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución das alegacións e do recurso presentado no expediente de liberación do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11).**

Acórdase rexeitar as alegacións presentadas e rexeitar o recurso de reposición formulado. Suspéndese por un prazo máximo dun mes o procedemento de expropiación deste sol ata

tanto non conclúan as negociacións que se están a realizar entre os propietarios e EMUVISSA para terminación por mutuo acordo do expediente de expropiación.

**27.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 14 (SUNP-14) de Tras Paxonal.**

Apróbase definitivamente o proxecto de urbanización.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación da prórroga para a xustificación de diversas actividades culturais a executar ao abeiro do convenio de colaboración entre o Concello e a fundación CAIXA GALICIA.**

Apróbase a prórroga ata o 30 de xuño.

**29.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a solicitudes de exencións no IBI, ICO e IVTM.**

Concédense diversas exencións solicitadas.

**30.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do proxecto básico e de execución dun pavillón polideportivo en Fontiñas.**

Apróbase o devandito proxecto, que ascende á cantidade de 2.450.000,16 euros.

**Do 31 ao 112.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas a beneficios fiscais.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

## **URXENCIAS**

- Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación "Refuxio de Animais", relativo aos gastos de funcionamento.

- Apróbase, a proposta da concelleira delegada da UMAD, a prórroga do convenio de cooperación para o desenvolvemento de programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcólicas para 2007; e orzamento de ingresos e gastos.